



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL E CRUZ ROJA ESPAÑOLA EN GALICIA PARA A EXECUCIÓN DUN
PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO E APOIO A PERSOAS SEN TEITO OU
EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE EXTREMA**

A Coruña, 4 de xullo de 2017

REUNIDOS

Dunha parte:



Don José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean as persoas titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, no Decreto 116/2015, do 4 de outubro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Doutra parte:



D^a Carmen Colmeiro Rojo, que actúa en representación de Cruz Roja Española en Galicia en virtude da súa condición de Presidenta Autonómica da mesma, segundo consta na súa acta de nomeamento de data 4 de maio de 1999.

Ambas as dúas partes, no nome e representación no que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto

EXPOÑEN

I. Que os poderes públicos galegos teñen encomendada a obriga de promover as condicións para que a igualdade e a liberdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a participación de todos os galegos e galegas na vida política, económica, social e cultural.

II. Que en uso da competencia exclusiva recollida no artigo 27.23 do vixente Estatuto de Autonomía, desenvolveuse un sistema galego de servizos sociais, regulado pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia en virtude da cal corresponde á Xunta de Galicia a planificación e programación



xeral dos servizos sociais no ámbito territorial de Galicia, mediante a elaboración do Plan estratéxico de servizos sociais e os plans e programas sectoriais.

III.- A súa vez, o artigo 3 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, define como obxectivo do sistema galego de servizos sociais facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social.



IV.-Do mesmo modo, na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no artigo 57.4 establece que as administracións autonómica e local poderán conceder subvencións, así como subscribir, de acordo co artigo 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, convenios de colaboración con entidades de iniciativa social que dispoñan da capacidade e dos medios adecuados para a realización das actividades de inserción social de colectivos con problemáticas específicas e persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia.

V.-Tendo en conta, os obxectivos e o carácter multidimensional da pobreza e da exclusión social, os sucesivas estratexias galegas de Inclusión Social abordáronse desde unha formulación estratéxica, centrada en dar respostas globais e integradas, que respondan ás necesidades dos grupos e persoas con maiores desvantaxes sociais, potenciando a máxima coordinación e proximidade territorial posible.

VI.- As accións deseñadas dentro destas estratexias, non poden esquecer ao colectivo de persoas sen teito ou en situación de vulnerabilidade extrema, entendendo por tales, aquelas persoas que carecen de residencia ou domicilio estable e que se atopen nunha situación socio familiar vulnerable, sen ingresos nin traballo e en definitiva en situación de exclusión social.

VII.- Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, a entidade Cruz Roja Española en Galicia aparece expresamente reflexada no estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2017 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

VIII - A Consellería de Política Social impulsa neste ámbito un programa integral, onde teñen cabida todas as formas de intervención precisas para minimizar os danos asociados á condición de persoas sen teito, na procura da súa integración na rede de asistencia social. Este programa desenvólvese a través da entidade de iniciativa social Cruz Roja Española en Galicia, organización non gobernamental de recoñecida solvencia, e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-0023 nos termos nel expresados, polo que habilita á dita entidade á prestación de servizos sociais, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Obxecto

É obxecto do presente convenio regular o marco de cooperación entre a Consellería de Política Social e a Cruz Roja Española en Galicia para o




desenvolvemento dun programa de acompañamento e apoio a persoas sen fogar ou en situación de vulnerabilidade extrema, no que teñen cabida distintas formas de intervención destinadas a minimizar os danos asociados á situación persoal deste colectivo, así como a reducir as situacións de exclusión social, coa integración na sociedade e a procura dun xeito de vida normalizada.



O programa de acompañamento e apoio a persoas sen teito obxecto deste convenio, consistirá no establecemento de liñas de derivación e integración na sociedade das persoas sen fogar a través dun traballo de coordinación levado a cabo polos equipos técnicos municipais da Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Santiago de Compostela. Tal cometido realizarase mediante unha liña de intervención que consistirá no desenvolvemento na rúa, nos albergues, os centros de Cruz Roja Española en Galicia e demais servizos de acollida existentes de accións dirixidas a:

- Detectar patoloxías mentais, alcoholismo e outras adiccións sufridas polas persoas destinatarias do programa.
- Efectuar labores de sensibilización e estudos sobre as persoas sen fogar, en particular o I Estudo de Persoas sen Fogar en Galicia, e a celebración dunha Xornada técnica sobre Persoas sen Fogar. .
- Informar e derivar aos usuarios cara os servizos pertinentes.
- Proporcionar asesoramento social e legal.
- Lograr o desenvolvemento de competencias persoais, sociais e laborais que favoreza o proceso de inserción individual.

O programa perseguirá como obxectivo xeral a incorporación social das persoas sen fogar, mediante accións que aborden os distintos ámbitos de intervención, asegurando a coordinación dos servizos sociais e das administracións competentes no territorio, coa finalidade última de mellorar a súa empleabilidade.



Para os efectos deste convenio terán a consideración de persoas sen fogar toda aquela persoa que careza ou non ten aloxamento digno, estable e axeitado e cumpre os restantes requisitos do artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. Inclúense tamén aquelas persoas que viven en infravivenda, entendendo por tal as que están nunha vivenda de estrutura temporal, aloxamento indigno e/ou amontoamento extremo

SEGUNDA: Obrigas de Cruz Roja Española en Galicia

A Cruz Roja Española en Galicia comprométese a cumprir todos aqueles requisitos e obrigas establecidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e todas aquelas que deriven da financiación das actuacións, e en especial:

- 1.- Realizar o programa de acompañamento e apoio a persoas sen fogar ou en situación de vulnerabilidade extrema previsto no obxecto do convenio.



2. Acreditar a realización do obxecto así como a aplicación dos fondos ao fin destinado de acordo co establecido na cláusula sexta deste convenio.

3. Non atoparse incurso en ningunha das circunstancias e prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4.- Comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as accións derivadas do obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

5.- Facilitar toda a información requirida pola Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Inclusión Social, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas, o Tribunal de Contas, e demais órganos competentes no exercicio das súas funcións de fiscalización e control, así como estar ao corrente nas obrigas tributarias e fronte a seguridade social, circunstancia que deberá acreditarse mediante declaración responsable, tanto no momento da sinatura do presente convenio como no momento de realizarse o pagamento.

6.- Subministrar a información que lle sexa requirida para o cumprimento das obrigas establecidas no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

7.- Non difundir, sen a previa autorización da Dirección Xeral de Inclusión Social, calquera información que afecte aos procedementos e resultados das intervencións que se deseñen no marco deste convenio.

8.- Adecuar a metodoloxía de recollida e proceso de datos relativos á execución das accións así como os instrumentos xustificativos do gasto a Lei 9/2007, do 13 de xuño e á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

9.- Participar nas accións de información e sensibilización relacionadas co obxecto do convenio que, se é o caso, realice a Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Inclusión Social.

10.- Cumprir as normas de información e publicidade derivadas da cofinanciación destas actividades pola Comunidade Autónoma Galega a través da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014/2020.

11.- Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como, cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras da subvención coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.



12.- Axustarse na execución das accións aos obxectivos que no seu caso estableza a Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Inclusión Social. Para asegurar o cumprimento das accións establecidas, a Cruz Roja Española en Galicia emitirá, coa periodicidade que sexa requirido, un informe que reflicta o grao de execución das mesmas. Non obstante o anterior e, de acordo co disposto na cláusula novena deste convenio, isto non implicará relación contractual algunha entre a Consellería de Política Social e as persoas que desenvolvan as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento do convenio.



13.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos.

14.- Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e consistirá na inclusión da imaxe institucional da Xunta de Galicia en carteis, placas, materiais impresos e medios electrónicos e audiovisuais, entre outros.

15.- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación do correspondente expediente de reintegro levarase de acordo co procedemento establecido no título II da lei 9/2007, do 13 de xuño e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

16.- Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución do disposto neste convenio, da Lei de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento.

TERCERA: Coordinación cos servizos sociais comunitarios

A Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Inclusión Social facilitará a coordinación e comunicación cos servizos sociais comunitarios dos concellos afectados cos dispositivos de intervención da Cruz Roja Española en Galicia nos que se desenvolve o programa a efectos de mellorar a atención aos beneficiarios no caso de que isto sexa requirido.



CUARTA: Orzamento

Para a realización das actividades obxecto do presente convenio a Consellería de Política Social achegará a cantidade de cento sesenta e cinco mil euros (165.000,00.- euros) con cargo á aplicación orzamentaria 12.03.313C.481.4 da Lei 1/2017, de 8 de febreiro de Orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2017. A referida contía cubrirá os seguintes gastos:

112.500,00 € para gastos de persoal.

52.500,00 € para subministracións e gastos de actividades.



Estes límites poderán sufrir lixeiras variacións, que só serán admitidas pola Dirección Xeral de Inclusión Social cando esta estime que estas non comprometen a finalidade do programa e non impiden ou dificultan a boa marcha do servizo, cubrindo os gastos esenciais. As ditas variacións unicamente afectarán á desagregación exposta, non podendo superar a contía global destinada ao presente convenio. Así mesmo, esta contía global destinarase unicamente á compensación de gastos e, en ningún caso, suporá beneficio económico para a Cruz Roja Española en Galicia.



QUINTA: Pagamento e xustificación

Respecto á forma de xustificación e pagamento estarase ao disposto na Lei 1/2017, do 8 de febreiro, ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Os pagamentos adoptarán a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto previa xustificación pola Cruz Roja, dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que é concedida a axuda, así como da aplicación dos fondos destinados ao efecto. Esta conta xustificativa conterá:

Certificación do órgano que teña atribuída na devandita entidade as correspondentes facultades de control, xunto cunha relación dos gastos comprendidos en dita certificación. A estes documentos acompañarase:

No caso de gastos de persoal, nóminas, boletíns de cotización á Seguridade Social, documentos de retención do imposto da renda sobre as persoas físicas, así como, dos documentos xustificativos dos pagos.

Non obstante o anterior, consideraranse gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior, por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas consideraranse xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación, quedando obrigada a entidade subvencionada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso esta presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da convocatoria.



Así mesmo, no caso de xustificarse gastos doutra natureza, xuntaranse as correspondentes facturas ou documento contable de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, con expresión do seu número, acredor, data de emisión, concepto e importe e data de pagamento. As facturas deberán cumprir o disposto no Real Decreto 1619/2012, do 30 de



novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. En todo caso, tanto as facturas como calquera documento acreditativo que figure e se acompañe na relación, deberán vir acompañadas dos documentos acreditativos de ter realizados os pagos do correspondente gasto, debendo cumprir os requisitos establecidos no artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aceptándose a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor ou beneficiario, sempre que o importe sexa inferior a 400,00 € (IVE incluído), e o seu destinatario último sexa o participante da operación, caso no que xuntarase o recibín do beneficiario, a documentación xustificativa da saída do gasto da contabilidade polo arqueado de caixa ou método similar. As actuacións que se subvencionan con cargo a este convenio comprenderán gastos realizados durante a vixencia do convenio, debendo presentar a documentación xustificativa antes do 26 de decembro de 2017, data esta última que se considerará como a de límite de xustificación aos efectos do artigo 37.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Como regra xeral, a acreditación do pagamento esixirase, en todo caso, para facer efectivos os pagamentos.

O pagamento das subvencións realizarase segundo se establece a continuación: Ata o 80% da contía total concedida, o pagamento poderá facerse efectivo mediante pagamentos a conta da liquidación definitiva a medida en que a Cruz Roja Española en Galicia xustifique os gastos realizados na forma prevista anteriormente.

Antes de facer efectivo o 20% restante a Cruz Roja Española en Galicia, amais da conta xustificativa con xustificantes de gasto establecida no punto anterior, deberá presentar:

- Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, unha declaración de estar ao corrente nas obrigas tributarias e fronte a seguridade social e xustificación do mantemento da contabilidade separada ou unha codificación contable axeitada de todas as transaccións realizadas con cargo ao convenio, a que se refire a cláusula terceira, alínea décima.
- Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas (tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo proxecto obxecto deste convenio) das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.



Así, como regra xeral, permítese a acumulación de axudas, sempre que o importe total destas non supere o custe total do programa. Para tal fin, establecerase un sistema de estampillado dos xustificantes de gasto que permita o control da concorrencia de subvencións, con expresión da porcentaxe que se lle imputa, ben a totalidade ou a que lle corresponda.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

SEXTA: Gastos subvencionables

Poderán financiarse con cargo a este convenio os seguintes gastos:

Gastos de mantemento:

1.1 Gastos do persoal.

1.1.1.- Gastos de persoal de carácter directo necesarios para a execución das accións: Terá a dita consideración o persoal que execute directamente funcións relacionadas coa operación subvencionada e que, polo tanto, desenvolvan funcións inequivocamente identificables con ela. A identificación da operación, no caso de traballadores por conta allea, deberá constar no contrato de traballo ou nunha previa asignación de funcións, no caso de que a xornada de traballo estea integramente destinada á execución da operación ou nunha previa asignación de funcións directas, no caso de dedicación parcial da xornada de traballo. Na fase de xustificación, deixará constancia documental das horas efectivamente consumidas polos traballadores imputables ao proxecto, explicitando as súas dedicacións horarias ao proxecto en documento asinado polo responsable da entidade e a persoa empregada e acompañada dos correspondentes partes de traballo. Así mesmo, poderá adoptar as seguintes formas:

a) Traballadores contratados pola entidade: Serán subvencionables as retribucións totais correspondentes á execución do programa, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, vacacións retribuídas e a parte proporcional da paga extraordinaria que lle corresponda.

b) Traballadores por conta propia contratados pola entidade: Consideraranse gastos subcontratados e lles será de aplicación o límite máximo para estes gastos establecido no punto 2 do presente artigo.

1.1.2.- Gastos de persoal de carácter indirecto: Terán a dita consideración aqueles que non teñan vinculación directa co desenvolvemento da operación, pero que resulten necesarios para a súa realización. A asignación destes gastos esixirá a prorrata á operación con arreglo a un método xusto e equitativo que constará por escrito con carácter previo á realización dos gastos en función da dedicación horaria previamente asignada e que deberá ser validado previamente polo órgano xestor.



1.1.3.- As axudas de custo e gastos de viaxe tamén se rexerán na súa contía pola normativa establecida nos convenios colectivos.

1.2 Gastos correntes consumibles non amortizables necesarios para a realización da actividade: comprenderán gastos do aluguer debidamente xustificadas, gastos de mantemento do equipamento destinado á operación, gastos de material e outros necesarios para execución da actividade. Estes gastos terán carácter directo sempre que estean vinculados exclusivamente á operación e sexan necesarios para a súa execución. No caso de que a vinculación dos mesmos non teña natureza exclusiva serán considerados gastos de carácter indirecto e serán aplicables á operación a través dun método de imputación xusto e equitativo que constará por escrito con anterioridade á realización dos gastos e que deberá ser validado previamente polo órgano xestor.



1.3.-Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionable e os de administración específicos, só serán subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada ou son indispensables para a axeitada preparación ou execución desta. Así mesmo, no caso de que se opte por unha contabilización separada da operación a través da apertura ou mantemento separado nunha conta bancaria específica poderán ser subvencionables os gastos de apertura, no seu caso, e os de mantemento da mesma.

1.4.-Renting ou gastos de amortización derivados da adquisición de mobiliario, equipo, vehículos, infraestruturas, bens inmoables e terreos, asignados exclusivamente durante a execución da operación, e, no caso da amortización, sempre que as axudas públicas non contribúisen á adquisición dos mesmos. A amortización calcularase de conformidade coas normas de contabilidade xeralmente aceptadas e o custo referirase exclusivamente ao período subvencionable.

1.5.- Os gastos dos/as usuarios/as participantes nas accións incluírán: axudas de custo de desprazamento, remuneracións ou asignacións a participantes da operación, incluíndo os relativos á cobertura de necesidades primarias, pero necesarios para a consecución da súa inclusión social. Estas axudas de custo de desprazamento ou as remuneracións ou asignacións a participantes non poderán ser percibidas por persoas titulares dunha renda de inclusión social de Galicia que inclúa ese complemento, excluíndose da dita consideración aos beneficiarios indirectos da dita prestación. Estas bolsas terán unha contía máxima subvencionable de 9 euros día/lectivo sempre que non superen no seu conxunto o 20 por 100 % do importe total do programa subvencionado. Así mesmo, consideraranse subvencionables os gastos derivados dos seguros de accidentes, así como aqueles outros destinados a cubrir continxencias de risco derivadas da actividade subvencionada.



2.-Está permitida a subcontratación, entendendo por esta a concertación con terceiros da execución parcial da actuación/funcionamento que constitúe o obxecto da subvención. O beneficiario poderá subcontratar ata un límite máximo do 20% do importe da actuación subvencionada e deberá xustificar adecuadamente a necesidade da mesma. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incorrer o beneficiario para a realización por si mesmo da actuación subvencionada.



Todo procedemento de contratación deberá respectar os principios de transparencia, publicidade e libre concorrência, estando os subcontratistas obrigados a facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás actuacións subcontratadas. En especial, e segundo o artigo 29.3 da Lei 9/2007 de 13 do xuño, cando o importe do gasto a subcontratar supere a contía de 18.000€ o beneficiario deberá solicitar como mínimo 3 ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para prestación do servizo, agás no caso de que polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades ou que os gastos se realizasen con anterioridade á solicitude da subvención.

As dúbidas ou controversias en relación coa subvencionalidade das actividades serán resoltas pola Consellería de Política Social por propia iniciativa ou por petición de calquera das entidades solicitantes.

SÉTIMA: Seguimento e avaliación

Créase unha Comisión Mixta Paritaria para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, que estará integrada por dous representantes da Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Inclusión Social e por dous representantes da Cruz Roja Española en Galicia.

O réxime xurídico desta Comisión adecuarase o previsto na lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Esta Comisión Mixta presidida por un dos representantes da Consellería de Política Social, velará polo cumprimento dos obxectivos fixados no convenio e reunirse cando así o solicite algunha das partes, e cando menos unha vez durante o período de vixencia do convenio.

O secretario será un dos representantes da Cruz Roja membros da Comisión.

OITAVA: Inexistencia de relación laboral

A subscripción do presente convenio non implicará relación contractual algunha entre a Consellería de Política Social e as persoas que desenvolvan as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento do convenio.

NOVENA: Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

1.- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.



2.- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas, o que dará lugar ao reintegro das cantidades percibidas mais os seus interese de demora.

3.- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas no mesmo. Particularmente acadarán a porcentaxe dun 20% sobre a contía total da axuda percibida as recollidas nos puntos 5,6 e 11 da cláusula terceira.

Aos efectos de reintegro das subvencións estarase ao disposto no título II da lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de subvencións de Galicia..



DÉCIMA: Duración

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, estendendo os seus efectos dende o día 1 de xaneiro de 2017, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2017.

DÉCIMO PRIMEIRA: Natureza do convenio

O presente convenio terá carácter administrativo, sen que en ningún caso poidan derivarse del dereitos ou obrigas de carácter laboral. Os seus efectos rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo e no non previsto aplicaráselle os principios do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, para resolver as posibles lagoas e dúbidas que poidan xurdir, e polo disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

Segundo o previsto nos artigos 123 y 124 da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas as cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas polo Conselleiro de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra eles recurso potestativo de reposición ante a Conselleira de Política Social, no prazo dun mes de ser expreso, no caso de acto no fora expreso poderá interpoñerse recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto. Así mesmo, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

DECIMO SEGUNDA: Publicación en rexistros

A Cruz Roja Española en Galicia autoriza coa sinatura do presente convenio que se inclúa e faga pública no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios a achega outorgada por medio do presente convenio, de acordo co establecido no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006.

Así mesmo, este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de de Convenios da Xunta de Galicia.

De conformidade co disposto nos artigos 18.2 e 20.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de datos nacionais de subvencións (BDNS).

DECIMO TERCEIRA: Confidencialidade dos datos

Ambas partes garantirán a total confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas en execución do presente convenio. A entidade Cruz Roja Española en Galicia obrígase ao cumprimento da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal e, en concreto, á Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e ao Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento de dita lei.

Os datos persoais recollidos na tramitación deste convenio, cuxo tratamento e publicación autorice a persoa beneficiaria, serán incluídos nun ficheiro denominado Xestión de servizos sociais, tamén serán incluídos nun ficheiro denominado "relacións administrativas coa cidadanía e entidades" creado pola Orde de 15 de decembro de 2011, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Política Social. O órgano responsable destes ficheiros é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social. O dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica desta consellería, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Política Social, Secretaría Xeral Técnica, Edificio Administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela ou a través dun correo electrónico a sxt.politicasocial@xunta.gal.

DÉCIMO CUARTA. Publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican, en triplicado exemplar, no lugar e data indicado no encabezamento.

O conselleiro de Política Social

José Manuel Rey Varela

A presidenta da Organización Cruz Roja Española en Galicia

Mª del Carmen Colmeiro Rojo